

A fada e o can

Brais Ramos Pérez
Laura Rial Almeida

Hai moito, no tempo dos soños, había unha fada que vivía nunha gran cova, no medio dun bosque. Ela era moi egoísta, porque cando alguén lle pedía para entrar na cova a pasar a noite, ela non lle deixaba.

Por iso, a xente á que lle respondía que non, cando lle preguntaban se podía pasar alí a noite, sempre se querían vingar dela. Pero nunca o conseguían.

Un día apareceu pola cova un can que sabía falar. El preguntoulle a fada se podía pasar alí a noite, pero a fada contestoulle que non. O can, como toda a outra xente quixo vingarse da fada. E pensou, e ocorreuuselle unha grandísima idea. Poñerlle á cova unha bomba.

Ao día seguinte o can instalou na cova unha bomba moi potente. A fada, cando a viu , non puido facer nada para detela, pero si para

salvarse porque tiña un gran feitizo de protección.

Así que o can conseguíu vingarse da fada. Pero coa pena que lle deu que a fada quedara sen o seu querido fogar, ofreceulle quedarse na súa casa.

A fada deulle as grazas ao can e viviron felices ata o final dos seus días.